

A close-up photograph of traditional fishing gear. The image shows several layers of fishing nets. In the foreground, there are dark brown and olive green nets. To the left, a string of bright orange floats is visible. The nets are piled together, creating a textured, layered appearance. The background is a light-colored, possibly sandy or gravelly surface.

**ARTES E APARELLOS  
TRADICIONAIS DE  
PESCA E MARISQUEO**



**Este traballo recolle materiais elaborados ao longo de case cincuenta anos:**

**-Debuxos realizados por Mon Daporta para ilustrar libros e exposicións, nosas ou de compañeiros e compañeiras.**

**-Materiais para traballar na escola ou para impartir cursos ao profesorado.**

**-Publicacións nosas ou en colaboración con revistas, confrarías...**

**(As fotos fixémoslas en distintos lugares de Galiza e en especial na ría da Arousa.)**





-Aos peixes que comen carne pónenselle trampas ata ás que se atraen cun engado, a carnada. Así pesca o palangre, as liñas, as canas, o medio mundo, a cangrexreira e as nasas.

## UN CONTO DA RATA LUISA

Pax. 6

### DON GOLFIÑO

## APARELLOS PARA EXCAVAR

Empregáanse para extraer especies que viven enterradas, xeralmente moluscos bivalvos. Estes aparellos remexen o substrato, alteran as condicións do mesmo e interfiren nos ciclos doutras especies dándollos directamente ou danando o medio no que se desenvolven. Incluso entre estas artes, tan pouco selectivas, as que teñen dentes fan unha selección por tamaños -segundo a separación que hai entre eles e a malla dos copes- e unha selección de especies, xa que a lonxitude e a posición dos dentes determina a profundidade de excavación.

#### Sacho


Deriva dos aparellos de cavar na terra. Úsase para apañar ameixas e berberichos. O sacho da navalía úsase para apañar navallas no intermareal e manéxase cunha man.

legón    sachos    sachos da navalía

Tamén existe un sachos de andar ó burato, semellante ó normal, pero moito máis pequeno.

#### Ganchelo, culler e sacharela

Úsanse para apañar ameixas. Son artes moi selectivas. Con elas só se apaña unha especie. Para sacarlles proveito é necesario coñecer as marcas, os buratos que se forman na areia no sitio por onde os animais bombean e filtran a auga para alimentarse.




# Artes de PESCA

## MARISQUEO


Rastro do camarón




Rasquetas



Can da ameixa



\* Ane prohibida



Can das navallas

\* Ane prohibida


Rastro das vieiras




Rastro de vara



Raño



Truel



Francada



Coitelo



Forquilla

\* Ane prohibida

Fisga



Sacho da man



Sacho

Legón



Espello



Ganchelo



Angozos



Angozo da ameixa




Rañas



Poteiras

Cangrexreira



Salabardo



Femeiro



palheiro

Artebravo



XUNTA  
DE GALICIA

Consellería de Pesca

# Como pescamos

En zonas de máis altura faise necesario o uso de embarcacións para desprazarse ou traballar. Os aparellos para apañar marisco arrástranse á man ou coa forza dos motores.



As embarcacións de pesca e os motores son fundamentais para desprazarse e traballar. Os aparellos para apañar marisco arrástranse á man ou coa forza dos motores.



Desde un motor de pesca, desprázase a embarcación para traballar.



Desde un motor de pesca, desprázase a embarcación para traballar.



Desde un motor de pesca, desprázase a embarcación para traballar.



Desde un motor de pesca, desprázase a embarcación para traballar.



# redes de arrastre



Son redes en forma de saco que se prolongan en dúas pernas que se manteñen separadas por diferentes métodos. Arrástranse polo fondo a diferentes alturas e capturan todo tipo de especies: chopos, luras, centolos, volandeiras, lenguados, lirios...



Traballando ao chiro ou á bolca.



Largando o boi de vara ou tirador.



Exposicións da Confraría de Cambados en 2001 e 2006

**Desde tempos antigos o ser humano que vivía preto das costas aproveitou, para alimentarse ou para elaborar obxectos útiles ou de adorno, os seres que a marea deixaba ao cescuberto: moluscos, peixes, crustáceos, equinodermos...**

**Comezou capturándoos á mán ou raspando e cavando cos utensilios dos que dispoñía, adaptándoos logo para poder ter un maior e mellor rendemento. Máis adiante empregou embarcacións para facer capturas mar adentro.**



Cunchas atopadas nun  
castro en Cambados

**Desde os primeiros obxectos ata os aparellos actuais o ser humano sempre estivo empregando e adaptando os seus coñecementos para facer o seu traballo máis eficaz e rendible.**

**Na actualidade a tipoloxía e os materiais das artes e aparellos de pesca e marisqueo é moi variada e conviven aparellos tradicionais cos sistemas máis avanzados que se apoian na tecnoloxía electrónica. Cada persoa, case cada barco ten a súa propia maneira de entender os problemas que se lle presentan e busca e adopta a solución que cre máis convinte.**



**Se facemos un repaso das artes e aparellos que permiten a captura e extracción de especies mariñas e a súa forma de traballar podemos comprobar o coñecemento do medio e das especies, e os coñecementos tecnolóxicos que son necesarios para poder usalos con aproveitamento**



**O éxito dos aparellos depende:**

- **Do coñecemento que se teña das especies a capturar: as súas características, hábitats e costumes.**
- **Do rendemento mecánico: a simplicidade, a estrutura e a forma de facer o traballo máis doado.**
- **Do rendemento económico**



**VARIANTES DE NASAS**  
Museo do mar e da Salga (O Grove)


# TIPOS DE ARTES TRADICIONAIS DE PESCA E MARISQUEO



# APARELLOS EXCAVADORES


Son estruturas planas ou con dentes que penetran no substrato abríndoo e levantandoo.

Os que teñen dentes remexen o substrato e fan unha selección por tamaño (segundo a separación que haxa entre eles e a malla dos copes) e unha selección de especies, xa que a lonxitude e a posición dos dentes determina a profundidade da excavación.




Mon Daporta 1985


Especies que se capturan traballando a pé




# Aparellos excavadores



A pé



A flote



arrastrados por embarcaci3ns

O SACHO deriva dos aparellos de cavar na terra. Úsase para apañar ameixas, berbechos e navallas.



SACHOS




Legón



Sacho




Sacho da navalla



sacharelas

# GANCHELOS



Mon Daporta 1990




Úsanse para apañar ameixas.  
Son moi selectivos, con eles so se apaña unha especie. Para tirarlles proveito convén coñecer “os buratos” que deixan os moluscos ao enterrárense na área.  
Tamén se pode empregar unha culler




Ameixa lexítima ou san

# ANGAZOS

Úsanse para desenterrar berberechos e ameixas no intermareal. Trabállase a pé e cóllense as capturas a man ou coa axuda dun salabardo que serve para lavalas e seleccionalas.




**ANGAZO DA AMEIXA**  
(Dentes máis longos)



# FORQUILLA

Ten dous mangos formando ángulo recto. O que coincide na vertical dos dentes úsase para espetar a forquilla e apalancar o terreo. Co outro levántase a forquilla en posición horizontal para lavar e evitar que caian as capturas.

Trabállase a pé, coa auga ata medio corpo. Como elementos complementarios úsase un flotador cunha rede incorporada para gardar o marisco e un “mono”, pantalón de goma que chega ata o peito. Úsase, segundo a lonxitude dos dentes, para apañar ameixas ou navallas.









O Grove


# RASTRO

É semellante ao angazo, pero leva un cope de rede onde recolle as capturas e unha vara longa que, segundo a súa lonxitude, permite traballar en fonduras de ata 5 m. So se poden usar nas zonas e horarios sinalados.





**Rañeiros en Castrelo (Cambados)**



## RAÑO

É semellante ao rastro, pero leva un cope metálico onde recolle as capturas



Mon Daporta 1985



Para traballar en zonas de moita fondura átese á parte de atrás do marco (que neses casos é triangular) unha táboa para que “voe” mellor (que se desprace na auga a maior distancia) e para facer de timón de xeito que se manteña na posición correcta.





Rañeiros na ría de Arousa


# CAN

Semellante aos anteriores, de maior tamaño e coa estrutura reforzada. Arrástrase, xeralmente dous, pola popa do barco.

O seu uso está prohibido.




**CAN DA NAVALLA**



# RASTRO DA VIEIRA

Ten os dentes curtos e dobrados cara atrás para que non se enterren no substrato xa que as vieiras, zamburiñas e volandeiras que captura viven pousadas no fondo. Arrástranse pola popa do barco, xeralmente dous.



Especies que se capturan traballando a flote





Rastro da vieira





### **Rastro do rabioso**

Semellante ó da vieira, coa punta dos dentes virada cara adiante.

# APARELLOS PARA CORTAR E DESPEGAR


Están formados por pezas metálicas rematadas en cuñas.  
Úsanse para recoller e aproveitar especies que viven apegadas ás pedras:  
ostras, mexillóns, percebebs ...



# RASQUETA

Está formada por unha folla rectangular de ferro (máximo de 25 cm de ancho) e un albado no que se acopla un mango de madeira ou ferro.

Úsase para arrancar mexillóns, percebes... das pedras.



Apañando cría de mexillón




Percebeiros



# APARELLOS CON GANCHOS E ARPÓNS

Formados por un ou varios dentes afiados ou rematados en arpóns. Capturan as presas de unha en unha. A selección de especies faise visualmente.



bicheiros



gancho



fisga



francadas

# FRANCADA



Está formada por un mango, xeralmente de madeira, e unha pletina con dentes de distintas lonxitudes rematados en arpóns.

Úsase para capturar sollas, muxes, xibas... tanto a pé como desde unha pequena embarcación.




# GANCHO, BICHEIRO

É un aparello con moitas variantes. Está formado por un mango de lonxitude variable e un ou varios ganchos de ferro (ás veces anzois) suxeitos nun dos extremos. Úsase a pé ou desde unha pequena embarcación para capturar especies que viven nas fendas (polbos, cóngaros, fanecas barbudas).



# FISGA

Emprégase para apañar longueiróns. Dentro da súa aparente simplicidade, un arame longo cunha punta ancha cónica, implica un dobre coñecemento: recoñecer os buratos que os animais fan na area e saber que mentres están relaxados manteñen as cunchas entreabertas. Ao meter a fisga dentro do burato esta baixa por dentro da cuncha do longueirón que, ao sentirse molestado, reacciona pechándoa. Ao sacar a fisga, a punta, máis ancha que a cuncha, arrasta o longueirón para fora.




Mon Daporta 1985







# APARELLOS CON ENGADOS

Empréganse para capturar especies carnívoras que son atraídas a eles mediante unha carnada ou isco, ou obxectos que chaman a atención das especies (cebos artificias, fitas ...)  
Seleccionan ás especies polo tipo de engado, polo tamaño das picas ou a abertura das mallas.



## APARELLOS CON ANZÓS



## ANZOIS OU PICAS


Son pezas metálicas curvas con dous brazos desiguais. A parte longa remata nun anel ou nunha aplanadura na que se suxeita a liña (fío de plástico de lonxitude variable) e a parte corta remata nun garfo que se crava na boca dos peixes cando tentan comer o engado. Son de formas e tamaños variables segundo a especie á que se destinen.

As capturas fanse individualmente (cada anzol so colle un peixe). Seleccionan o tamaño da captura en función do tamaño do anzol e, en moitos casos, a especie polo tipo de engado.




# LIÑAS



Son fíos de lonxitude variable que levan anzois no seu remate. Recóllense en paus ou cortizas (gradellas) e presentan moitas variantes. Complementáanse con pesos (chumbos) para fondealas e boias (para manter os anzois á fondura desexada). Manéxanse á man. Captura todo tipo de peixes como faneca, ollomol, badexo, pinto, congro...



Mon Daporta 1985




Distintas formas de armar liñas






# VARA

É un aparello moi simple formado por unha vara ou cana na que se ata un fío cunha pica. Métese nos buratos das pedras e escolleras e déixase quedar. Emprégase para pescar peixes das pedras como o congro.




# CANA

Son liñas que como complemento levan una vara longa e flexible que permite un lanzamento máis lonxano ou botar os anzóis nos lugares máis axeitados. Pódense complementar con carretes para recoller o fío e boias para axustar o calado do anzol. Úsase desde a costa ou desde embarcacións para capturar todo tipo de peixes. As canas úsanse maiormente para a pesca deportiva.




Están formados por unha tralla (madre) e un número variable de brazoladas (anacos de tanza de ata 1 braza) no que se empatan as picas ou anzois. No comezo e no remate das madres van as trallas co fondeo (pedras, poutadas ou rizóns) para mantelos fixos e o calamento (boias ou boureis) para telos localizados e poder recollelos. Para transportalo ou gardalo recóllese en cestas ou caixas coa beira acondicionada para espetar as picas, gáñase a madre á roda e as picas vanse espetando seguindo a orde inversa á de largada. Ás veces, e segundo o tipo de pesca, a madre vai lastrada para que non se separe do fondo ou leva pequenas boias para distribuir os anzois a distintas fonduras. Péscase congro, pescada, maragota, palometa... Ao traballo chámase “andar ao pincho”.

## PALANGRE



Mon Daporta 1985

## PALANGRE (2)




Mon Daporta 1985



# CORRICÁN

E unha modalidade pesca con anzois que consiste no arrastre de varias liñas por unha embarcación.

A picas engádanse con iscos naturais ou con obxectos chamativos como imitacións de animais, fitas de cores...Empréganse para a pesca do bonito, atún, xarda ...



# RAÑAS

Conxunto formado por unha pedra e uns arames curvados coa punta cara arriba ou anzois. Engádanse cun cangrexo vivo (agora empréganse tamén cangrexos de goma). Úsanse para pescar polbos. Arrástase lentamente polo fondo desde unha embarcación.




Pedra (lastre)



Engado (cangrexo)




Ganchos ou picas



# POTEIRAS

Pezas en forma de fuso formadas por un núcleo de chumbo pintado de cores vivas. Nun extremo leva unha serie de anzóis ou picas dispostos en coroa e no outro un ollo onde se engancha o fío ou tanza. O tamaño da poteira e as picas varía segundo ó que se destinen. Úsanse para capturar luras e xibas. Trabállase desde unha embarcación pequena; lárgase a poteira e vaise petando para atraer ás luras e xibas.



**Pétase** coa man (móvese de abaixo arriba) para atraer ás luras e xibas Que quedan enganchadas nas picas da poteira.





O coñecemento dalgunhas especies e as súas costumes é tan amplo que deu lugar a curiosas maneiras de capturalas. Para atraer aos cefalópodos utilízanse diversos métodos:

O **femieiro** ou “**puta**”. Úsase para pescar xibas. Ponse como engado unha femia viva amarrada cun cordel e cun truel cóllense todos os machos que se achegan a ela.

Os **ramos**. As xibas apegan os ovos as algas e outros obxectos do fondo. Para atraelas fondéanse ramallos de piñeiro nos lugares de desove e captúranse cun truel ou cunha francada.

A voracidade dos polbos é tan grande que algúns mariñeiros usan simplemente unha mazaroca de millo para chamar a súa atención e capturalos.



# NASAS

Son trampas que atraen ás especies cun engado. Están feitas de maneira que sexa doado entrar e difícil saír.



É unha arte pasiva que se deixa fondeada e se levanta horas máis tarde para recoller as capturas.


As nasas están en evolución constante nas formas e, sobre todo, nos materiais.

As máis antigas facíanse con elementos vexetais: bimbias entretecidas, vergas, listóns de madeira, que daban lugar a formas cónicas e cilíndricas.

Na actualidade o ferro e o plástico permiten construílas da forma máis axeitada para facilitar o seu transporte e almacenamento.


Seleccionan ás especies polo tipo de alimentación, polo tamaño das aberturas de entrada e a luz das mallas.






As nasas láganse en caceas unindo varias a unha guía común (madre) que remata nunha boia que serve para localizalas e recuperalas. As caceas fórmanse cun número variable de nasas.

Algunha das especies que se capturan coas nasas














# NASA DAS FANECAS

Ten forma cilíndrica, formada por aros metálicos cubertos de rede, con dúas bocas en forma de funil, situdas enfrontadas.

É unha das nasas máis grandes e captura todo tipo de peixe.




**Aro**  
(ata 1,5 m de diámetro)





**Boca**  
Abertura en forma de funil

## CACEA FONDEADA




# NASA DA ANGUÍA OU BUTRÓN

É un aparello formado por unha rede de barreira (parada) cunhas nasas nos extremos. Ármanse en caceas que se fondean formando unha barreira en zonas de pouco calado que quedan en seco. Non utiliza engado e captura as especies que se ven obrigadas a entrar nas nasas ao terlles cortado o paso. Captura especies de fondo, fundamentalmente anguías.



# CANGREXEIRA, SARANDA

Está formada por un aro metálico de diámetro variable (40 a 100 cm) do que colga unha bolsa de rede de forma cónica (cope), suxeito por catro ventos a unha tralla que serve para recollela. Para traballarponse engado nunha bolsa colgada entre os ventos, fondéase, agárdase un tempo e levántase. Úsase para pescar cangrexos, anguías, peixes miúdos de fondo que entren aos engados...



## CACEA DE CANGREXEIRAS








# MEDIO MUNDO

Semellante á cangrexeira, de maior tamaño (ata 6 m de diámetro). Manéxase coa axuda dunha driza amarrada nun mastro. Para traballar fondéase a rede e vaise botando engado dentro para atrer os peixes. Cando entran ízase a modiño ata sacar o aparello da auga e cóllense os que quedan dentro.

É un aparello que xa non se emprega. Úsábase para pescar panchos, xurelos, piardas...



## MEDIO MUNDO




# A redes

Están formadas por panos de malla de tamaño variable armados entre dúas trallas ou malletas. Na de arriba van suxeitos os elementos de flotación (cortizas, boias...) e na de abaixo os lastres (chumbos) para mantelo na posición axeitada.

As redes ármanse segundo tipo de traballo ao que se van a dedicar. Case todas están construídas con distintos tipos de malla. Nas zonas exteriores (pernas, calóns...) a malla é máis lasa (aberta, con máis luz) e nas zonas de captura (copes, enxaguas...) é mais fecheira (pechada, con menos luz).

As mallas mídense en cuartas indicando o número de mallas ou nós por cuarta.

As medidas oficiais realízanse en centímetros ou en milímetros Tomando a distancia interior entre dous nós opostos da malla extendida e mollada (luz de malla). Nos aparellos de malla ríxida (nasas) mídense o lado do cadrado.







**Rede antiga com boias de vidro**

# APARELLOS DE CERCO

Redes grandes que rodean e encerran especies nadadoras de augas abertas que viven en grupos.

So seleccionan por tamaño en función da luz (abertura) das mallas.

Unha vez localizado un banco de peixe (pola vista, coa axuda do radar ou da sonda) dáse un lance: lárgase o aparello para rodealo. Logo péchase a rede por debaixo coa xareta, recóllense os panos para concentrar a pesca na enxagua, e de alí recóllese coa axuda de salabardos ou trueis.



Xurelo, chincho, caneu  
*Trachurus trachurus*




Sardíña  
*Sardina pilchardus*



Xarda, rincha  
*Scomber scombrus*



Cabala, xarda pintada  
*Scomber japonicus*



O cerco úsase **ao axexo** (noitiña) ou á **luzada** (ao escomenzar a abrir o día) para capturar especies gregarias: sardiñas, xurelos, bocareus, rincha e, ocasionalmente, sargo, robalo...





Os barcos máis pequenos usan un cerco de menores dimensións que se chama **raspita**.  
Os atuneiros usan cercos máis grandes.




Recollendo o aparello  
na arte da raspita




# ATALLADA


É unha rede de grandes dimensións que se arma coa marea chea delimitando unha zona que ao devalar a marea quedará en seco. Captura especies que se alimentan nos intermareais, como muxes, sollas, robalizas... Está en desuso.



solla



muxe



# APARELLOS DE ENMALLE

Son redes que forman barreiras nos lugares por onde pasan os animais mariños que, ao intentar atravesalas quedan atrapadas nelas (mallan). Son artes pasivas que actúan como trampas. Mantéñense en posición suspendidas pola tralla de cortizas ou boias e lastradas pola tralla dos chumbos. Poden situarse apegadas aos fondos ou mantelas a diferentes alturas, fixarse nunha zona determinada ou deixalas ir ao garete levadas polas correntes. Seleccionan as especies segundo o tamaño da malla, a zona onde se larguen e a profundidade á que se calen. Son pouco selectivas xa que atrapan a todo aquel animal mariño que non pase polo oco da malla.






# XEITO

Son redes dun só pano. Ármanse en caceas e cálanse mantendo o aparello a unha altura determinada mediante boureis. O peixe malla no aparello ao achegarse ou alonxarse da costa. Logo levántase e desmállase.

Pódese usar ao axexo ou á luzada para a pesca da sardiña. Actualmente está en desuso.

Foi un aparello moi importante noutros tempos e deulle nome ás embarcacións e aos mariñeiros que o usaban (xeiteiros).






Aparello do xeito en Rianxo (1985)

# BETAS


Son aparellos de malla lasa cunha grande variedade de medidas segundo as necesidades, o lugar ou as especies a capturar.

Ármase con máis ou menos chumbo segundo se queira apegalo ao fondo ou mantelo entre augas. Pódense usar fixas, ao garete ou ao embalo (rodeando o peixe e golpeando o mar con remos ou pandullos para obrigalo a mallar na rede).



As volantas son semellantes ás pezas do xeito e ás betas e poden acadar ata 10 km de lonxitude. Están feitas de materiais sintéticos invisibles para os peixes. Úsanse para pescar especies peláxicas como o bonito e o atún.

## Especies de enmalle





Betas no peirao de O Grove

## **RASCAS OU RAEIRAS**

Son semellantes ás betas, coa malla moi lasa (25 a 30 cm) e con moito chumbo para que toquen no fondo.

Úsanse para pescar raias, centolos, lombrigantes, rodaballos, rabadas..





# TRASMALLOS

Están formados por tres panos paralelos. Lárganse e fondéanse nunha zona limpa ou arredor das pedras (touzas) e déixase no mar varias horas. Os peixes embisten no pano fecheiro (que vai no medio), empúxano e ao tentar pasar polos panos da beira forman bulsas onde quedan mallados. Capturan maragotas, vellos, robalizas, linguados, nécoras, centolas, xibas, polbos...



# TRASMALLOS



# MIÑOS

Son semellantes aos trasmallos, máis altos e coa malla máis lasa.

Capturan especies máis grandes como raias, rodaballos, xibas, centolos... que viven preto do fondo.

So seleccionan as especies por tamaños segundo a luz das mallas.







Nastas e redes no peirao de O Grove

# APARELLOS DE ARRASTRE

Son sacos de rede de diferentes formas e tamaños que se prolongan en dúas pernas que os manteñen abertos e dirixen o peixe cara ao interior.

Son aparellos activos que se arrastran polo fondo ou a diferentes alturas. Seleccionan as especies segundo o lugar no que traballan e a luz das mallas. Son os menos selectivos porque capturan indiscriminadamente todo cando atopan no seu camiño.




# RAPETA

Lárgase no limpo coa axuda dunha pequena embarcación e gáñase á man desde terra polas trallas amarradas ás cangas.

Úsase en zonas de pouca fondura e durante as secas para capturar chopos, camaróns, muxes, peixes de fondo...

A **xábega**, de maiores dimensións, usábase hai anos para a pesca da sardiña destinada á conserva. Gañábase á man desde terra e en moitos casos coa axuda de bois.

# RAPETA





# CHINCHORRO

Úsase nas zonas limpas. Lárgase contra a marea para que infle o cope.

Gáñase á man polo costado do barco ou desde dúas embarcacións.

Captura fundamentalmente luras, chopos, xurelos, bolos...

O **boliche** é un aparello máis curto e máis alto para traballar na pedra.







# BOU DE VARA OU TRAMBOLÍN

É un aparello de pequenas dimensións que se mantén aberto mediante unha vara de ferro.

Úsase no limpo arrastado por barcos a motor para coller vieiras, volandeiras, chopos, nécoras e outras especies de fondo.







# BACA

Trabállase arrastando pola popa do barco durante un tempo variable (1,5 a 4 horas). O aparello mantense aberto grazas a unhas portas amarradas en ángulo ao calamento. Ao rematar o lance ízase a bordo, ábrese o cope pola xareta e escóllese o peixe. Captura especies de fondo: pescada, lirio, linguado, chopo, cigala... Traballa en zonas fondas fora das rías.

A **baquita** é de menores dimensións e foi utilizada durante un tempo no interior das rías.

O **bou** é un aparello semellante, de maiores dimensións que traballa sen portas. Pode traballar un barco so ou ser arrastado por dous traballando **á parella**.






# RASTO DO CAMARÓN

A súa estrutura é semellante aos rastos, de maiores dimensións e sen dentes.

Arrástase con embarcacións pouco potentes ou a pé.

Úsase para pescar camaróns en zonas de pouca fondura.




Mon Daporta 1985



# ARTE BRAVA

Traballase a pé, en zonas de pouca fondura. Cóllese polos mangos e vaise arrastando polo fondo. Os paus úsanse para facer saír os peixes dos seus agochos e para cortarlles a fuxida. Cando se ten collido dentro o peixe ou o marisco xúntanse os paus e levántase a rede para sacalo. Úsase para pescar camaróns, anguías e outros peixes pequenos.





# TRUEL

Basicamente é un aro cun cope de rede e un mango de lonxitude variable.

Presenta moitas variantes en formas e tamaños. Pódese usar para pescar ou como elemento auxiliar.

Trabállase a pé ou desde unha embarcación. Úsase fundamentalmente para pescar camaróns.






# APARELLOS COMPLEMENTARIOS

## SALABARDO

É un marco metálico cun saco de rede que se usa para recoller, lavar ou almacenar as capturas. Para traballar na auga o marco substitúese por un pneumático que o mantén a aboiando na auga.

SALABARDO




Rede ou cope

# ESPELLO, MIRAFONDOS

É unha caixa tronco-piramidal coas bases abertas. Nunha das bases, normalmente a máis grande leva un vidro que permite ver os fondos con claridade.

Elimina a reflexión da superficie da auga e a deformación das imaxes que produce o movemento.

Úsase como complemento cando se pesca con francada, fisga...





# FACHO

É unha lámpada de carburo.

O carburo de calcio, ao mesturarse con auga reacciona e desprende un gas (acetileno) que se utiliza como combustible para producir luz.


Úsase ocasionalmente para iluminar os fondos pola noite.



# POUTADA

Aparello tradicional formado por unha estrutura de madeira que sostén unha pedra grande no medio.

Emprégase para fondear pequenas embarcacións e aparellos.



**Nas zonas de marisqueo a pé, para almacenar as capturas e transportalas pola auga empréganse elementos flotantes nos que se mete un recipiente.**





**Para transportar as capturas nos areas deseñáronse distintos tipos de carriños.**

**Parellamente ao desenvolvemento das actividades de pesca e marisqueo tamén foron xurdindo necesidades relacionadas cos mesmos como a construción e reparación dos materiais empregados.**

**Até hai poucos anos os aparellos eran de fabricación artesanal. Eran elaborados polos propios mariñeiros, polas redeiras e polos ferreiros, e na maioría dos casos eles mesmos se encargaban da súa reparación.**

**Ao aumentar a diversidade de materiais e a complexidade dos mesmos, e sobre todo coa aparición de sistemas de pesca industriais, apareceron tamén oficos e instalacións especializadas.**

**Actualmente, agás algúns, que os seguen a facer os propios mariñeiros, a maioría fanse en talleres especializados ou en fábricas.**




# APARELLOS ARMAR E REPARAR REDES

As redeiras au atadoras arman os aparellos (redes) con panos que se mercan feitos, e reparan os desgastes e as roturas.

As agullas de atar eran de madeira dura e flexíbel (buxo, castiñeiro...) e agora son de plástico. Teñen diferentes tamaños segundo o tamaño das mallas:

Para facer as mallas utilizan unhas formas, pezas de madeira ou plástico coa medida.

A unidade de medida tradicional para os aparellos é a braza.







Adela Leiro Lois, Mon Daporta Padín (3 2026)